

## **EROSKI E OS SEUS CLIENTES APOIAN CON MÁIS 37.000 EUROS A CAMPAÑA DE UNICEF A PROL DOS NENOS E NENAS DE SIRIA**

- Os clientes de EROSKI amosaron a súa solidariedade nas diferentes iniciativas solidarias celebradas entre outubro e xaneiro
- Os beneficios obtidos destinaranse ao apoio á infancia, causa preferida por arredor de 3.000 Socios Cliente que participaron nunha enquisa online

**Elorrio, 17 de febreiro do 2020.-** [EROSKI](#) recadou máis de 37.000 euros para [UNICEF](#) (Fondo das Nacións Unidas para a Infancia) grazas ás achegas dos seus clientes nas diferentes iniciativas solidarias que se desenvolveron entre os meses de outubro e xaneiro. Concretamente, os fondos acadados destinaranse á campaña que desenvolve UNICEF para axudar a cubrir as necesidades nutricionais dos nenos e nenas de Siria.

*"Un ano máis, os clientes implicáronse dende os primeiros días e demostraron un alto grao de solidariedade. Querémoslles agradecer a xenerosidade e o apoio que lle deron ás nosas iniciativas. Para nós é moi importante contribuír á mellora da calidade de vida dos que se teñen que enfrontar a grandes dificultades. A súa contribución pon de manifesto unha vez máis que unindo forzas se poden acadar grandes cousas",* sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

O apoio á infancia foi o destino preferido de arredor de 3.000 Socios Cliente de EROSKI que tomaron parte este outono a través dunha enquisa online na web [www.eroski.es](http://www.eroski.es) na elección da causa beneficiaria das diversas iniciativas solidarias organizadas.

*"En UNICEF Comité Español, agradecemos o apoio que nos dan empresas aliadas, como EROSKI, unha empresa que pon as persoas no centro e que leva colaborando coa infancia máis vulnerable dende hai máis de 15 anos. E é que, en Siria, tras case 9 anos de conflito, máis de 3 millóns de nenos e nenas menores de 5 anos requiren apoio nutricional, dos cales case 20.000 sofren desnutrición severa aguda. Ademais, o 20% das mulleres embarazadas e en período de lactación presentan desnutrición moderada",* explicou Isidro Elezgarai, presidente de UNICEF Comité País Vasco e patrón de UNICEF Comité Español.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



### **Sobre EROSKI**

A transformación social a través da actividade empresarial é un dos fins cooperativos. EROSKI, como cooperativa de consumo, é un proxecto colectivo centrado no consumidor e na sociedade. Por iso, desenvolve as súas actividades de compromiso social en catro eidos que definen a súa responsabilidade social: a promoción dunha alimentación saudable, a información ao consumidor, a sustentabilidade ambiental e mais a solidariedade.

### **Sobre UNICEF**

UNICEF traballa nalgúns dos lugares máis difíciles para chegar aos nenos e nenas máis desfavorecidos do mundo. En 190 países e territorios, traballa para cada neno e nena, en tódalas partes, cada día, para construír un mundo mellor para todos.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)